

## Persoal subalterno

SITUACIÓN ACTUAL			PROPOSTA	
CÓDIGO POSTO ANTIGO	DENOMINACIÓN	VACANTE	CÓDIGO POSTO NOVO	DENOMINACIÓN
PR.C99.10.000.36001.015	PORTEIRO MAIOR	NON	PR.C99.10.000.36001.090	PORTEIRO MAIOR
PR.C99.10.000.36001.016	SUBALTERNO	NON	PR.C99.10.000.36001.093	POSTO BASE GRUPO E
AG.C99.10.000.36001.072	SUBALTERNO	NON	PR.C99.10.000.36001.094	POSTO BASE GRUPO E
CU.C99.10.000.36001.125	SUBALTERNO	NON	PR.C99.10.000.36001.095	POSTO BASE GRUPO E
CU.C99.10.000.36001.028	PORTEIRO/A	NON	PR.C99.10.000.36001.096	POSTO BASE GRUPO E
CU.C99.40.102.36001.003	ORDENANZA	NON	PR.C99.10.000.36001.097	POSTO BASE GRUPO E

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 167/2005, do 9 de xuño, polo que se acorda a prórroga da cesión do dereito de uso do inmovible coñecido como antiga estación de Inspección Técnica de Vehículos do Alto do Cumial, situado na estrada de Madrid, termo municipal de Ourense.*

A Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos de Ourense (ATAVE) solicitou a prórroga da cesión do uso do inmovible coñecido como antiga estación de Inspección Técnica de Vehículos do Alto do Cumial situado na estrada de Madrid, termo municipal de Ourense. Segundo o establecido na cláusula b) da escritura pública de cesión outorgada o 23 de setembro de 1997, a cesión do uso outórgase por un período de dez anos, contados desde o outorgamento da escritura, prorrogable por períodos sucesivos de igual duración.

Por instancias da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a Secretaría Xeral e do Patrimonio, dependente da Consellería de Economía e Facenda, tramitou o expediente de prórroga da cesión de acordo co previsto nos artigos 83 e seguintes do Regulamento que desenvolve a Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, tendo en conta o informe favorable da Consellería de Innovación, Industria e Comercio e por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día nove de xuño de dous mil cinco,

### DISPOÑO:

Artigo único.

1. Acórdase a prórroga ata o 22 de setembro de 2017 da cesión outorgada a favor da *Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos* (Atave), a título gratuito, do dereito real de uso do inmovible coñecido como antiga estación de Inspección Técnica de Vehículos do Alto do Cumial, situado na estrada de Madrid, termo municipal de Ourense, que está inscrito no Rexistro da Propiedade de Ourense no tomo 1.600, libro 857, folio 196, predio número 19.878.

2. A prórroga da cesión do dereito de uso formalizarase mediante escritura pública, subscrita polo secretario xeral e do Patrimonio ou funcionario en quen delegue. Os custos de formalización serán por conta do cesionario.

### Disposición derradeira

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, realizará os

trámites necesarios para a efectividade de canto se dispón neste decreto.

Santiago de Compostela, nove de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 10 de xuño de 2005 pola que se modifica e amplía o Plan Experimental de Seccións Europeas destinadas a potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros de ensino non universitario.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén levando a cabo nos últimos anos accións que teñen por finalidade o impulso da mellora da formación do noso alumnado no coñecemento das linguas estranxeiras pertencentes ao espazo cultural europeo.

Dentro dese conxunto de accións levouse a cabo a creación de seccións europeas, como fórmula experimental de ensino bilingüe, lingua galega ou castelá / lingua estranxeira. Este plan iniciouse no ano escolar 1999-2000 co establecemento dun proxecto experimental. Posteriormente foi regulado, de xeito formal, a través da Orde do 18 de abril de 2002 (DOG do 30 de abril) pola que se establece o Plan Experimental de Creación de Seccións Europeas destinadas a potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados, e ampliado no número de centros participantes a través da Orde do 26 de maio de 2003 (DOG do 2 de xuño).

Unha vez transcorridos tres cursos académicos desde a posta en práctica desa norma, e após a realización da correspondente avaliación, cómpre proceder a introducir as modificacións que permitan a mellora do plan, así como a súa extensión a outros cursos e niveis do ensino non universitario, como son os ciclos da formación profesional específica e os dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria.

En consecuencia, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*DISPÓN:*

Capítulo I

Aspectos xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a ordenación do establecemento, con carácter experimental, de seccións europeas nos institutos de educación secundaria e centros públicos integrados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 2º.-Definición.

1. Unha sección europea é a organización da ensinanza dunha materia non lingüística da educación secundaria obrigatoria ou do bacharelato, ou dun módulo da formación profesional específica, que se cursa de xeito bilingüe, en galego ou castelán, segundo corresponda de acordo coa normativa vixente en materia de normalización lingüística, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea.

2. A súa finalidade é reforzar as aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na materia ou módulo na que se desenvolve, así como a adquisición da terminoloxía específica.

3. A incorporación da lingua estranxeira na sección europea farase progresivamente incrementando a súa presenza ao longo do seu desenvolvemento, tendo en conta a experiencia previa en seccións europeas do alumnado.

Artigo 3º.-Número máximo de seccións europeas.

1. O número máximo de seccións europeas na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional específica será de catro, en cada un deses niveis.

2. Cando nun centro estean autorizadas seccións europeas de linguas estranxeiras diferentes non poderán afectar a un mesmo grupo de alumnos.

Artigo 4º.-Alumnado.

1. Poderá acceder ás seccións europeas o alumnado matriculado en calquera dos cursos das etapas para as que o seu centro estea autorizado e que, de ser o caso, no curso ou ciclo anterior fora avaliado positivamente, cunha cualificación mínima de ben, na materia de lingua estranxeira correspondente ao idioma obxecto da sección.

2. O alumnado que forme parte dunha sección europea non poderá abandonala antes de rematar o curso escolar, salvo por razóns xustificadas ante a dirección do centro e coa autorización desta.

3. Cada alumno deberá contar coa autorización escrita dos seus pais ou titores legais para poder incorporarse a nunha sección europea.

4. Ao remate de cada curso o alumnado que sexa cualificado positivamente na materia ou módulo obxecto da sección europea e, de ser o caso, na correspondente lingua estranxeira recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme par-

tipou nunha sección europea, que se fará constar mediante dilixencia no seu libro de escolaridade e no seu expediente académico segundo o modelo do anexo I.

Artigo 5º.-Número mínimo de alumnos.

1. Para que un centro poida desenvolver unha sección europea no curso inferior dos que teña autorizados pola aplicación desta orde deberá contar cun número mínimo de 15 alumnos. Nos cursos seguintes, a delegación provincial correspondente poderá permitir o desenvolvemento de seccións europeas cun mínimo de 10 alumnos.

2. No caso de que nun ano escolar un curso dunha sección europea non acade o número mínimo de alumnos o seu desenvolvemento nese curso quedará en suspenso. A dirección do centro deberá comunicar esta circunstancia á delegación provincial correspondente, que a trasladará á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa.

3. Ao comezo de cada curso escolar, antes do 15 de outubro, a dirección de cada centro deberá remitir á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa a cifra de alumnado matriculado en cada un dos cursos dos que forman parte as seccións europeas que teña autorizadas, co visto e prace da inspección educativa.

Artigo 6º.-Reforzo do idioma.

No caso da educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional específica, o alumnado poderá recibir un máximo de dous períodos semanais de clase de reforzo do idioma, como ampliación ao seu horario lectivo, que serán impartidos polo seu profesorado especialista de lingua estranxeira, se as necesidades formativas así o requiren e os recursos do centro o permiten.

Artigo 7º.-Profesorado.

1. O profesorado de materia ou módulo deberá ter destino definitivo no propio centro e acreditar ter os coñecementos pertinentes no idioma estranxeiro, mediante a presentación de documentación que así o xustifique. A titulación mínima exigible será a do ciclo elemental das ensinanzas de réxime especial de idiomas ou a súa equivalencia para efectos académicos, segundo dispón o anexo do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

2. No caso de acreditar outras titulacións ou coñecementos, corresponderalle á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa a determinación da súa validación para efectos de poder participar nunha sección europea.

3. O departamento da correspondente lingua estranxeira comprometerase á coordinación co profesor de materia da sección europea, así como ao posible apoio ao alumnado no desenvolvemento de

clases de reforzo no idioma, no caso da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Para tal fin deberase designar un profesor, de entre os que impartan docencia de lingua estranxeira ao alumnado de seccións europeas, que actuará como coordinador das actividades de tipo lingüístico que se desenvolven con este alumnado.

A dirección do centro educativo deberá establecer os procedementos que garantan a coordinación semanal das actuacións entre o profesorado que imparte en cada grupo de alumnos de sección europea materias ou módulos e, de ser o caso, o da correspondente lingua estranxeira.

4. O profesorado, tanto de materia ou módulo como, de ser o caso, o de lingua estranxeira, responsable de seccións europeas terá unha redución horaria no ámbito das horas lectivas a razón dun período semanal por cada grupo de sección europea no que imparta docencia e cun máximo de tres períodos semanais, que estará destinada ás actividades de coordinación, avaliación e atención ao programa.

No caso do profesorado especialista de idioma que imparta períodos semanais de reforzo de idioma da sección europea estes computarán como lectivos.

En ningún caso estas reducións e horarios de reforzo poderán implicar aumento do número de profesores do centro.

5. O centro deberá asegurar ao alumnado a posibilidade de continuar nunha sección europea ao longo da etapa correspondente. En consecuencia, deberase tomar en consideración esta circunstancia á hora de asignar grupos ao profesorado autorizado para impartir seccións europeas.

Artigo 8º.-Formación do profesorado.

1. O profesorado tanto de materia ou módulo como, de ser o caso, o de lingua estranxeira que imparta a súa docencia en grupos de sección europea deberá participar nas actividades de formación que se deseñen para o efecto.

2. A docencia de materia ou módulo en seccións europeas terá carácter de actividade de innovación educativa. En consecuencia, o profesorado correspondente, así como o coordinador ao que se refire o punto 3 do artigo 6º, recibirá unha certificación expedida pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa que, en aplicación do disposto no artigo 25 da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), terá unha equivalencia de 20 horas de formación permanente.

Artigo 9º.-Orzamento específico.

Os centros autorizados para participar no desenvolvemento de seccións europeas contarán cunha asignación orzamentaria anual, que será fixada pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, con cargo á partida de gastos de funcionamento, sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan. A xustificación dese importe deberá efectuarse coa dos gastos de funcionamento e de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 10º.-Seguimento do plan.

A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa propiciará o establecemento de canles de información e intercambio entre os centros participantes e a propia Administración educativa, co fin de permitir a avaliación deste plan experimental.

Para o seu seguimento contarase coa colaboración dos servizos de inspección das distintas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 11º.-Memoria final de curso.

Ao rematar o curso lectivo, o profesorado de materia por conta de cada sección europea deberá remitir unha memoria avaliativa á correspondente delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que a tramitará á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa acompañada dun informe da inspección educativa.

A citada memoria, que deberá contar co visto e prace da dirección do centro, tratará sobre a posta en marcha e desenvolvemento da sección europea, os datos do alumnado (tales como número de grupos e alumnos, e estatísticas de promoción ou titulación), as implicacións na organización do centro, así como observacións e conclusións. Así mesmo, incluírá a programación desenvolvida das materias ou módulos obxecto das seccións e as contribucións do coordinador do correspondente departamento de lingua estranxeira citado no punto 3 do artigo 6º.

Artigo 12º.-Prórroga.

Xunto coa memoria final de curso, a dirección de cada centro deberá notificar se se seguen a cumprir para o ano escolar seguinte as condicións polas que foron autorizadas as súas seccións europeas.

Artigo 13º.-Remate ou suspensión da participación no proxecto.

1. Os centros autorizados para o desenvolvemento de seccións europeas e que no seu momento desexen rematar a súa participación, ou que non podan continuar por deixar de cumprirse algún dos requisitos da autorización, deberán comunicalo á delegación provincial antes do 30 de xuño do ano escolar correspondente.

2. Co propósito de poder facer o seguimento do plan, as delegacións provinciais comunicarán á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, antes do 30 de setembro de cada ano escolar, a situación dos centros da súa provincia autorizados a participar no plan.

3. Cando se dean circunstancias que obriguen a suspensión temporal do desenvolvemento das seccións europeas, como poden ser licenzas por estudos ou baixas temporais, as direccións dos centros deberanas comunicar inmediatamente á citada dirección xeral a través da delegación provincial.

## Capítulo II

## Autorización dos centros e solicitudes

## Artigo 14º.-Autorización dos centros.

1. Corresponderalle á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa a autorización dos centros para participar neste plan experimental. No caso da formación profesional específica, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais emitirá o correspondente informe.

2. Poderanse autorizar todos os centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional específica e que cumpran os requisitos desta convocatoria.

3. A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación dos centros que cada ano escolar estarán autorizados para desenvolver seccións europeas.

4. A autorización renovarase automaticamente cada ano escolar sempre que se sigan a cumprir as condicións de participación. En consecuencia, os centros que contén con autorización para o desenvolvemento de seccións europeas non deberán realizar novas solicitudes, agás no caso de modificación das citadas condicións, como poden ser a extensión do plan a outros cursos ou niveis distintos dos que formaran parte da súa autorización.

## Artigo 15º.-Solicitud.

1. Os centros que desexen iniciar a implantación de seccións europeas e que cumpran os requisitos sinalados nos artigos 5º.1, 7º.1, 7º.2 e 7º.3 deberán facer a correspondente solicitude, axustada ao modelo que se recolle no anexo II.

2. A participación ou modificación das condicións de participación deberá contar coa aprobación do claustro de profesores e do consello escolar do centro, co compromiso do profesorado de materia ou módulo obxecto de cada sección, así como co dos correspondentes departamentos de lingua estranxeira.

## Artigo 16º.- Documentación da solicitude.

1. Os centros deberán xuntar coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Proxecto de participación no plan, no que se recollan, entre outros aspectos, os obxectivos propostos, etapas e cursos nos que se desenvolverá, materias ou módulos, estratexias metodolóxicas que se vaian empregar, pautas para a avaliación do proxecto e orzamentos previstos.

b) Certificación da aprobación do proxecto polo consello escolar.

c) Certificación do acordo do claustro, con mención explícita do compromiso de manter o profesorado de materia ou módulo ao fronte das seccións europeas ao longo do seu desenvolvemento, así como do compromiso de colaboración na coordinación de tarefas

por parte do departamento didáctico das correspondentes linguas estranxeiras.

d) Relación do profesorado de materia ou módulo para o que se solicita a adscrición da sección europea, xunto coas credenciais ás que se fai referencia no punto 1 do artigo 7º.

e) Certificación da dirección do centro co número de alumnos que participarán nas seccións europeas que se solicitan.

## Artigo 17º.-Prazo de presentación e de resolución.

1. A solicitude de autorización formulada pola dirección do centro, xunto con todos os documentos xustificativos mencionados no artigo 15º, deberase tramitar perante a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, a través da inspección educativa correspondente, que deberá informar se a documentación presentada se axusta a todos os requisitos que se establecen nesta orde.

2. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 31 de maio de cada ano escolar, e a resolución deberá realizarse antes do 15 de xullo.

*Disposición adicional*

Única.-Avaliación e revisión do plan.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa a realización das actividades de avaliación que conduzan á revisión, supresión ou extensión deste plan experimental.

*Disposición transitoria*

Única.-Para o curso 2005-2006, o prazo para a presentación de solicitudes que se determina no punto 2 do artigo 16º rematará o 15 de xullo de 2005.

*Disposición derradeira*

Única.-Autorízanse as direccións xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*ANEXO I*

Credencial anual de participación do alumnado

Dilixencia para facer constar que Don/a ..., alumno do curso ... de ... (ESO, bacharelato, ou denominación do ciclo formativo, segundo proceda) participou no curso académico ... no Plan de Seccións Europeas nas materias (ou módulos) de ... que se impartiron en ... (idioma das seccións).

Vº e prace do

Director/a  
Asdo:

Secretario/a  
Asdo:

## ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

Edif. Adm. San Caetano, s/n, bloque 2, 2º andar  
 15781 - Santiago de Compostela  
 Tef.: 981 54 65 57 Fax: 981 54 65 42

DATOS DO CENTRO		
Código:	Ensinanzas para as que se fai a solicitude:	
Dirección:		
Código postal:	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Materia / Módulo	Idioma	Profesor/a
RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN:		
<p>Don / Dona _____, como director/a do centro _____          SOLICITA, de acordo co previsto na Orde do 10 de xuño de 2005 pola que se modifica e amplía o Plan Experimental de Seccións Europeas destinadas a potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras nos centros de ensino non universitario a participación do seu centro na devandita convocatoria.</p>		
O/A director /a do centro ( selo do centro)		
Asdo: _____	En _____,	de _____ de _____

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 22 de xuño de 2005 pola que se adoptan medidas temporais e de carácter excepcional para o reparqueo de moluscos bivalvos.*

O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños en augas de Galicia, define o reparqueo de moluscos como a operación consistente en trasladar moluscos bivalvos a zonas marítimas autorizadas durante o tempo necesario para a eliminación de toxinas.

O artigo 21 da mencionada norma recolle a posibilidade de que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos poida establecer polígonos ou zonas de polígonos dedicados exclusivamente ao reparqueo de moluscos co obxecto de aminorar os efectos das biotoxinas; nos ditos polígonos ou zonas non se poderán realizar labores de cultivo.

Por Orde do 22 de marzo de 1994 decláranse de reserva exclusiva determinadas cuadrículas de diversos polígonos de viveiros aboiantes e establécense as entidades que poden ser titulares das autorizacións administrativas, o modo de outorgamento, os criterios xerais de preferencia para o outorgamento e as responsabilidades de dirección e coordinación no réxime de utilización.

O reparqueo véñse manifestando ano a ano como un instrumento fundamental na minimización dos efectos dos episodios tóxicos sobre os procesos de cultivo e comercialización do mexillón cultivado en viveiros, constituíndo unha garantía para a protección da saúde pública.

Consciente diso, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten actualmente en fase externa de audiencia ao sector o anteproxecto de orde que regulará, ampla e detalladamente, as diversas modalidades de traslados de moluscos bivalvos cultivados en viveiros, modalidades entre as que ocupa un lugar destacado a actividade de reparqueo.

Non obstante o anterior, como consecuencia da incidencia do actual episodio tóxico de carácter extraordinario -tanto en intensidade como na súa duración- que afecta as augas da comunidade autónoma, e ante as demandas do sector afectado por este, resulta urxente adoptar medidas de carácter excepcional e duración temporal que permitan o incremento da capacidade de reparqueo de moluscos bivalvos cultivados en viveiros para así minorar, na medida do posible, as graves consecuencias que tanto para os consumidores como para o sector produtor e comercializador comporta tal episodio tóxico.

Para dar unha resposta rápida e adecuada á demanda do sector, esta consellería vese na necesidade de promulgar con carácter urxente esta disposición que estará vixente ata o momento en que se publique o texto articulado anteriormente sinalado.

Tendo en conta que a disposición derradeira primeira do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, cita-do faculta a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a ditar as normas que sexan necesarias para o seu desenvolvemento e oído o sector do cultivo de moluscos de viveiros,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde establece medidas temporais de carácter excepcional que permitan ao sector do cultivo de moluscos en viveiros incrementar a capacidade de reparqueo coa finalidade de aminorar os efectos do episodio tóxico de carácter extraordinario que está afectando as augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Poderán solicitar novas autorizacións administrativas de carácter excepcional para a posta en funcionamento e explotación de viveiros dedicados a reparqueo, as cooperativas ou outros entes asociativos, legalmente constituídos, que representen como mínimo o 10% do sector de cultivo de moluscos.

As cooperativas ou entes asociativos adxudicatarios de novas autorizacións administrativas asumirán calquera responsabilidade derivada da utilización das ditas autorizacións.

2. As solicitudes, que irán dirixidas á Dirección Xeral de Recursos Mariños, acompañaranse da seguinte documentación:

-Impreso de autoliquidación da taxa administrativa por tramitación.

-Breve memoria xustificativa da necesidade de dispoñer de novas zonas para reparqueo.

-Localización a nivel de polígono, cuadrícula e distrito, da situación dos viveiros de produción que terían dereito ao traslado dos moluscos e identificación dos seus concesionarios.

-Localización, a nivel de polígono, cuadrícula e distrito, da localización dos viveiros no que se vai levar a cabo o reparqueo.

-Esquema ou descrición das características estruturais do viveiro de destino.

Artigo 3º.-Condicións de outorgamento.

A Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, logo de informe do Intecmar, poderá autorizar con carácter excepcional a posta en funcionamento e explotación de viveiros para reparqueo de moluscos procedentes de zonas afectadas polo actual episodio tóxico nas seguintes condicións:

-Duración: a duración da autorización será como máximo de tres meses desde o seu outorgamento e en todo caso, finalizará aos quince días da desaparición do episodio se esta se producise antes da finalización do prazo de outorgamento.